



**NARÓN**

# CONCELLO DE NARÓN

## Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/53/2013	CONYI01D
5X3H6K53492E2S2D14WM	
2 5 X 3 H 6 K 5 3 4 9 2 E 2 S 2 D 1 4 W M   »	
2 5 X 3 H 6 K 5 3 4 9 2 E 2 S 2 D 1 4 W M   »	

## **PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AMBIGÚ-CAFETERÍA NA CASA DO CONCELLO DE NARÓN**

### **1.- OBXECTO DO CONTRATO.-**

O obxecto do presente prego de cláusulas é regular o contrato administrativo especial do servizo de ambigú-cafetería da última planta da Casa do Concello de Narón. Obxecto que podemos definir como unha prestación accesoria dos servizos que se prestan na Casa do Concello ao ser este de utilización por parte de funcionarios e usuarios das oficinas.

O contrato inclúe a obrigaón de realizar a apertura, pechadura e limpeza do ambigú.

A instalación obxecto do contrato está dotada de enerxía eléctrica, fornezo de auga potable e saneamento. Para ese efecto, o Concello aporta mobiliario para a prestación do servizo, que se relacionará nun Inventario que se achegará como Anexo ao contrato.

A prestación dos servizos de ambigú-cafetería obxecto deste contrato realizarase en réxime de concorrencia con outros establecementos, públicos ou privados, legalmente autorizados.

CPV: 55100000-1 SERVICIOS DE HOSTALERÍA

### **2.- RÉXIME XURÍDICO.-**

O contrato ao que se refire o presente prego é un contrato administrativo especial de conformidade co artigo 19.1 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP). Formarán parte do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas e a proposta económica e técnica.

O presente prego de cláusulas administrativas e o de prescricións técnicas constitúen a lei do contrato e teñen forza vinculante para o Concello de Narón e o adxudicatario, con suxeición a normativa vixente. Por iso as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neles, e deberán ser asinados polo



adxudicatario, en proba de conformidade, no acto mesmo da formalización do contrato.

O presente procedemento rexerese polo TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento. Supletoriamente, se aplicarán as restantes normas de Dereito Administrativo e, no seu defecto, as de Dereito Privado.

### **3.- RISCO E VENTURA, E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA. COBERTURA DE RISCOS.**

O contrato executarase a risco e ventura do adxudicatario, que asumirá a responsabilidade civil, laboral e fiscal que derive da prestación dos servizos de ambigú-cafetería.

No que se refire a responsabilidade civil, o contratista asumirá a plena responsabilidade por danos e perdas que lle causen a calquera persoa física e xurídica, que sexa consecuencia directa ou indirecta da execución do contrato ou do seu incumprimento, garantindo en todo caso que queden cubertas as responsabilidades orixinadas polas accións e omisións do persoal respecto de terceiros. A estes efectos, obrigase a ter contratado un seguro por un capital mínimo de cobertura de 300.000,00 euros por prexuízo e sinistro.

### **4.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato terá un prazo de duración de DEZ ANOS, contados dende a data de formalización do contrato en documento administrativo. O devandito prazo non poderá ser prorrogado.

En calquera caso o servizo non poderá ser interrompido nin sequera por causa de cumprimento do prazo contractual, sendo obrigado para a empresa adxudicataria continuar coas prestacións obxecto do contrato nas mesmas condicións ata que se leve a cabo unha nova adxudicación ou, en todo caso, cun límite máximo de 6 meses.

### **5.- RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA E CANON DE EXPLOTACIÓN**

A retribución do contratista estará constituída polos prezos de natureza privada que percibirá directamente dos usuarios polos produtos, servizos e consumicións obxecto de venda.

O adxudicatario ofertará o abono ao Concello de Narón dun canon anual pola explotación do ambigú-cafetería, que en ningún caso será inferior a mil euros/anuais (1.000 €/ano). O devandito canon terá a consideración de ingreso de dereito público e o seu cobro, no suposto de non facelo voluntariamente o contratista adxudicatario, se efectuará por vía executiva. Nese suposto a contía do mesmo será incrementada cos intereses de demora e recargas correspondentes.



A contía do canon será indicada polos licitadores na súa proposición económica.

## 6.- OBRIGAS E DEREITOS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario quedará obrigado:

- A realizar a actividade obxecto do contrato (servizos de cafetería), con exclusión de calquera outra, conforme as disposicións deste prego e demais normativa de aplicación e nos días e horario nel sinalado.
- A expoñer publicamente de forma visible o prezo dos produtos, servizos e consumicións obxecto de venda.
- Estar ao corrente, en todo momento, das obrigacións tributarias, laborais e da seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, sanitarias, manipulación de alimentos e calquera outra que a normativa vixente esixa para o exercicio da actividade que se presta, quedando o Concello de Narón exonerado de calquera responsabilidade por este incumprimento.
- A xestiona-lo servizo co persoal que detallou na proposición. A variación de calquera persoa das especificadas na relación inicial, deberá ser autorizada pola Alcaldía de Narón. En ningún caso, o persoal ocupado nos servizos obxecto da concesión terá carácter de persoal laboral do Concello de Narón, asumindo o contratista, integramente, as responsabilidades que como empresario poida contraer en materia laboral, de Seguridade Social e Hixiene no Traballo. A xustificación de que se atopa ó corrente no pago das obrigas de Seguridade Social en relación co persoal que preste os seus servizos na explotación da adxudicación concedida deberá acreditarse coa súa presentación no departamento de contratación do Concello de Narón, dentro dos dez (10) días primeiros de cada mes e tamén cando así se lle esixa. O incumprimento desta obriga poderá implica-la resolución automática do contrato e a posible incautación das garantías prestadas.
- Tramitar o seu cargo todas as licenzas, autorizacións e permisos que esixa o cumprimento do contrato así como ao pagamento dos arbitrios, taxas e impostos de toda clase derivados da explotación e que estean establecidos por disposición legal ou regulamentaria.
- Con carácter xeral, está obrigado, a súa custa, a conservación e mantemento de todas as instalacións e bens que se utilicen nos servizos de ambigú-cafetería, e esta obriga implica, as seguintes:
  - ❖ Conservar a súa custa todas as dependencias e instalacións dos servizos de cafetería en perfectas condicións de funcionamento, limpeza e hixiene, durante toda a xornada, destinándoas exclusivamente ao uso pactado.
  - ❖ Achegar e manter, a súa custa, en perfecto estado a ferramenta, aparellos, enxoval e demais bens propios da instalación, repoñendo o material en caso de perda, subtracción ou danos, no prazo máximo 10 días. Sinálase en concreto a obriga de repoñer todos aqueles elementos da louza que presenten calquera dano ou deterioro (vasos, pratos, etc.).



- A manter, a súa custa, en perfectas condicións de ornato e limpeza os espazos afectos a prestación dos servizos de ambigú-cafetería con tódolos bens mobles e inmobles afectos a este.
- Deberá garantirse a correcta presentación, conservación e exposición dos produtos e consumicións obxecto de venda.
- Adquirir/substituír as mesas e cadeiras, o menaxe e aparellos de hostalaría de que non se dispoñan e/ou se deteriorenen, e sexan precisos para o normal exercicio das actividades de cafetería.
- Admitir a todo usuario no goce dos servizos, pagando o correspondente prezo, en condicións de igualdade, sen discriminación de ningún tipo.
- Queda prohibida a venda e consumo de bebidas alcohólicas a menores.
- Deberá exercer por si o contrato, sen que poida cedelo sen autorización previa do Concello de Narón e sen cumprir os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.
- Non poderá traspasar ou ceder a terceiras persoas o uso e aproveitamento do local obxecto deste contrato e dos bens afectos a estes servizos, nin total nin parcialmente.
- Non poderá gravar, arrendar, subarrendar, nin allear os bens mobles ou inmobles afectos aos servizos de cafetería.
- Non poderá facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou calquera outras do nome do Concello de Narón, salvo autorización por escrito deste.
- Non poderá realizar publicidade comercial a favor doutras empresas nas instalacións cedidas, salvo autorización do Concello.
- Deberá abandonar os locais obxecto do contrato así como os bens afectos aos servizos de ambigú-cafetería, a disposición do Concello, en perfecto estado de funcionamento e uso unha vez se produza a extinción do contrato por calquera causa.
- A abonar o canon ofertado, que deberá ingresarse anualmente no mes de xaneiro de cada ano de duración do contrato na Tesourería do Concello de Narón, por mensualidades anticipadas. O adxudicatario deberá presentar no departamento de contratación o xustificante de ter efectuado dito ingreso. O incumprimento desta obriga será causa de resolución do contrato e de incautación das garantías prestadas ata o montante da débeda contraída polo adxudicatario.

### DEREITOS

O contratista terá os seguintes dereitos:

1. Usar o local obxecto deste contrato de modo privativo para exercer a actividade para a que está autorizado, respectando o principio de non discriminación.
2. A xestión e explotación dos servizos de ambigú-cafetería durante o prazo de duración do contrato, conservando os espazos ocupados e instalacións en bo estado de seguridade, salubridade e ornato público.
3. Obter do Concello de Narón a protección que resulte indispensable para a explotación dos servizos.
4. Percibir dos usuarios os prezos polos produtos e servizos que preste.



5. A executar, logo da autorización municipal e segundo o disposto nestes pregos, as obras de reforma que entenda convenientes para a mellor prestación dos servizos. Autorizadas, permitirase a suspensión da prestación co peche, total ou parcial das instalacións, ata que se rematen as obras e instalacións previamente autorizadas a través das correspondentes licenzas. Superado o prazo máximo do seu remate, fixado nas devanditas licenzas, ou a prórroga concedida segundo estas, aplicarase o réxime de penalidades previsto nestes pregos.

6. A obter a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico do contrato e, no seu caso a indemnización dos danos e perdas ocasionados nos termos establecidos polo TRLCSP, no suposto de modificacións dos servizos impostas pola Corporación que aumenten os custos ou diminúan a retribución; e nos casos de asunción directa dos servizos, cando esta se producise por razóns de interese público, ou desaparición do mesmo a consecuencia de acordo municipal.

### **7.- APTITUDE PARA CONTRATAR**

Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen abrangidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos personais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

O licitador a a prol de quen recaiga a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos que acrediten, á data de finalización do prazo de presentación das proposicións, a súa aptitude, e que son:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: -Fotocopia do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fóra esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, en que conste as normas por que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.



### A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea se acreditará mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposición comunitarias de aplicación.

### A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

### A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular neste ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, en que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa parte a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente igual.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

### A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

### B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que esta inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

### C)Poderes:

Os licitadores poderán concorrer por si ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de xeito legal a personalidade para xestionar



en nome e representación do daquel que lle outorgou o poder. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

### D) Verificación de poderes

En ambos os dous casos o poder terá que ser validado para este procedemento aberto, para o cal se presentará previamente na Asesoría Xurídica Municipal.

### E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades e cumprimento das obrigas tributarias:

Declaración responsable de que a Empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos artigos 146 e 60 do TRLCSP, e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, axustado ao seguinte modelo:

***D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_. En \_\_\_\_\_ nome propio ou en representación da empresa a que representa no procedemento de adxudicación do contrato para a prestación do servizo de ambigú-cafetería na Casa do Concello de Narón.***

***Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecida no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.***

***Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.***

***(Lugar, data e sinatura do propoñente)***

F) Requisitos específicos de admisión: Os licitadores deberán presentar compromiso de adscrición de medios persoais e materiais suficientes que se adscribirán a execución do contrato.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial aos efectos previstos no art. 223 g) TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do art. 212.1 TRLCSP.

### G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Económica financeira

Poderá acreditarse mediante a presentación do:

Volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, por importe igual ou superior a 20.000,00 euros.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará, a teor do nel reflectido e agás proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.



Solvencia técnica e profesional:

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúan importes, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos, así como certificados acreditativos destes.

Criterio de selección: Como mínimo deberá ter realizado algún servizo ou traballo relacionado coa hostalería cunha duración ininterrompida de seis meses e de características similares ou superiores ao do servizo obxecto de licitación.

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia ou Deputación Provincial de A Coruña.

K) Correo electrónico no que se efectuarán as oportunas notificacións.

L) Índice de documentos que integran o sobre.

A documentación deberá presentarse cun índice, en folla independente, dos documentos que se presentan, pola orde que se indica nesta cláusula e con separadores en cada un dos apartados citados.

En todo caso, o órgano de contratación, poderá requirir en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, aos licitadores para que aporten a documentación sinalada nesta cláusula.

Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso (art. 21. RXLCAP)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo de documentación que pretenden aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma.





## **8.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Óptase polo sistema de procedemento aberto con diversos criterios de valoración como forma de adxudicación ao abeiro do que se establece no art. 150 do TRLCSP.

O contrato adxudicarase, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan de seguido.

## **9.- CRITERIOS AVALIABLES**

### **9.1.- MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES**

#### **OFERTA ECONÓMICA (Ata 40 puntos)**

De acordo co sinalado na cláusula 5 deste prego os licitadores haberán de abonar un canon anual ao Concello de Narón pola cantidade que naquela cláusula se cita, quedando automaticamente excluídas aquelas ofertas que sexan inferiores a dita cantidade.

Os licitadores poderán ofertar un canon superior ó establecido como mínimo pola Administración, e se valorará segundo a puntuación establecida neste, de tal xeito que ó canon maior ofertado se lle asignará a maior cantidade de puntos, asignando ós demais a puntuación proporcional que lles corresponda ata chegar ó canon tipo establecido que terá unha puntuación de 1 punto.

### **9.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE:**

#### **MELLORAS OFERTADAS (ata 10 puntos):**

Valoraranse neste apartado as melloras a realizar pola empresa en relación co mobiliario, accesorios e inversións a executar para cada un dos anos que dure o contrato que supoñan unha mellora na calidade do servizo.

As melloras deberán estar avaliadas economicamente tanto individualmente como en conxunto para cada ano e serán de conta do licitador e sen ningún custo para o Concello.

Obterá a máxima puntuación neste apartado a proposición do licitador que oferte en conxunto as melloras máis vantaxosas, asignando ós demais a puntuación proporcional que lles corresponda ata chegar á non presentación de mellora ningunha, que terá unha puntuación de 0 puntos.

## **10.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**



As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Narón Praza de Galicia 1, de 8,30 a 13,30 horas dentro do prazo de 15 días a contar dende o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data e hora de imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición, no caso no que esta fose recibida fora do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, decorridos dez días naturais dende o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

## **11.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS**

A documentación que debe presentar o licitador é a seguinte:

DECLARACION RESPONSABLE do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e con todas as condicións establecidas nos pregos que rexen a contratación (se adxunta o modelo como Anexo I).

- No seu caso, os empresarios que concorran en UTE ademais da declaración responsable citada anteriormente de cada un dos membros, indicarán os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Sobre 1: "Oferta económica", no que se incluírá a documentación relativa aos criterios de adxudicación aritmética ou avaliable de xeito automático mediante aplicación de fórmulas de conformidade co art. 150 TRLCSP, no modelo incluído neste prego como Anexo II.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre 2 no sobre 1 implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

Sobre 2: "Melloras", no que se incluírá unha memoria coa descrición e valoración das melloras a realizar no mobiliario, accesorios e inversións.

## **12.- DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS**



Os documentos que se acheguen as proposicións deberán ser orixinais. Non obstante admitiranse copias dilixenciadas polo Secretario, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

### **13- MESA DE CONTRATACIÓN.-**

A Mesa de Contratación estará formada polas seguintes persoas:

Presidente: O Alcalde-Presidente do Concello de Narón ou Concelleiro que se designe ó efecto.

Vocais:

O Concelleiro Delegado de Persoal

O Secretario Xeral.

O Interventor Acctal.

A Técnico de Patrimonio.

Un representante de cada grupo político presente na corporación.

Secretaría: O técnico de contratación ou funcionario/a en quen delegue.

### **14.- APERTURA DE OFERTAS.-**

14.1 A Mesa de Contratación, en sesión pública, procederá á apertura do sobre 1 de aqueles licitadores que haxan presentado a declaración responsable e se procederá á remisión da devandita documentación ao servizo correspondente para que este emita informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto (agás o factor prezo e demais criterios aritméticos). A tal efecto os licitadores serán avisados mediante fax ou correo electrónico por se quixeran asistir.

Unha vez emitidos os informes correspondentes e valorados pola Mesa de Contratación os criterios non avaliábel mediante cifras ou porcentaxes, procederase á convocatoria pública do acto de apertura das ofertas económicas. O devandito acto celebrárase no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil do contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.



Antes da apertura da primeira proposición convidarase os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

### 14.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

14.3.- A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente Prego.

## 15.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego.

Con posterioridade requirirase ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa sobre aptitude, capacidade e solvencia que figura na cláusula 7ª. Se observara defectos ou omisións emendables na documentación presentada, se comunicará aos interesados mediante fax ou correo electrónico, para a súa emenda. Así mesmo haberá de presentar a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de xeito directo a acreditación disto, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir a execución do contrato e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, por orde no que ficaran clasificadas as ofertas.



No prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación que deberá ser sempre motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores que foran admitidos e publicarase no perfil do contratante.

En todo caso, na notificación máis no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a súa formalización, conforme ao art.156.3 do TRLCSP.

## **16.- GARANTÍA DEFINITIVA**

O contratista esta obrigado a constituír unha garantía definitiva polo importe dunha anualidade do canon anual proposto polo adxudicatario, IVE excluído. Está garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no TRLCSP, co anterioridade á formalización do contrato.

A garantía definitiva será devolta o contratista cando se extinga o contrato, sempre que se deixase libres e vacuos os bens e instalacións que deban reverter ao Concello e en bo estado de conservación e mantemento, e non teñan que facerse efectivas responsabilidades sobre esta. Fíxase un prazo de garantía de 6 meses, contados desde a devolución da instalación ao Concello de Narón e a firma da súa recepción conforme.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP.

A incautación parcial ou total da garantía por incumprimento obrigará ao contratista a repoñer o importe da garantía incautada.

## **17.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E INICIO DA PRESTACIÓN.**

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de quince días hábiles dende a data da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato.

Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá adxudicar o contrato á seguinte proposta máis vantaxosa, previa acreditación dos extremos esixidos neste prego.

O prazo de inicio da prestación será dun mes (1 mes), contado a partir do día da propia sinatura do contrato administrativo.

## **18.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-**



Ademais das causas establecidas en xeral polo artigo 223 do TRLCSP e das sinaladas neste Prego, serán causas de resolución do contrato as seguintes:

1ª.- A variación das persoas que estean asignadas ó contrato, sen autorización do Concello de Narón

2ª.- A prestación do servizo notoriamente ineficiente logo do apercebimento por parte da Alcaldía do Concello.

3ª.- O incumprimento do horario establecido no Prego de Condicións Técnicas.

4ª.- A realización de servizos especiais, tanto dentro como fora do local da cafetería, sen te-la autorización da Alcaldía de Narón.

### **19.- RÉXIME XURÍDICO**

Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na lei, a Administración ostenta as prerrogativas de interpretación e modificación do contrato, polo que os seus acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

No non previsto neste prego, o presente contrato rexerá polo disposto no TRLCSP e o RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de contratos. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación coa interpretación, modificación, resolución, efectos e execución do contrato, se someterán á xurisdición contencioso-administrativa perante o Xulgado do contencioso administrativo de Ferrol, renunciando o adxudicatario ó foro propio que puidera corresponderlle.

PERANTE O ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, D. ..., maior de idade, veciño de ..., con enderezo en R/ ..., provisto do D.N.I. núm. ..., en nome e representación de ... segundo escritura de apoderamento outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de ..., D. ..., en ..., núm. ... do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de ...

DECLARA: Que cumpre os requisitos establecidos legalmente para contratar coa Administración, e con todas as condicións establecidas neste prego.



## ANEXO II: MODELO DE PROPOSICION ECONOMICA

D.....con  
endereço  
en.....e  
previsto do D.N.I. nº.....en nome propio ou  
en representación da  
empresa.....  
.....con endereço  
en.....rú  
a  
.....  
.....  
.....con C.I.F. nº.....

### DECLARO:

I.- Que, de acordo co anuncio publicado no BOP. nº.....de data  
.....formulo oferta o efecto de participar na  
licitación do contrato que ten por  
obxecto.....  
.....  
.....  
.....

II.- Que coñezo o prego de prescricións técnicas, prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación que debe rexe-lo contrato, que expresamente asumo e acato na súa totalidade.

III.- Que cumpro tódolos requisitos e obrigas esixidos pola normativa vixente para contratar coa Administración Pública.

IV.- Que, en relación co traballo obxecto da presente oferta, propoño a súa realización polo canon anual de .....euros.

En.....,a.....de.....de 2014

Asdo.:

D.N.I.: